



COMUNICADO PLATAFORMAS SINDICAIS TRANSPORTE DE VIAXEIROS DA CORUÑA:

UGT, CIG e CCOO manifestan que a resposta mostrada pola patronal durante a negociación do convenio colectivo de transporte de viaxeiros en autobús por estrada da Coruña, é nula ou mesmo intencionada

Na última reunión da mesa negociadora celebrada a pasada semana, a patronal informou de que a súa única pretensión é tratar unha subida mínima do incremento salarial, totalmente desproporcionada á realidade social das persoas traballadoras, que ven incrementados os custos da vida diaria, e que actualmente se rexen por un convenio obsoleto moi afastado da realidade actual. O resto do convenio pretenden non tocalo.

Cabe destacar que o anterior convenio colectivo de transporte de viaxeiros en autobús por estrada da Coruña, finalizou o 31 de decembro de 2020.

As negociacións deste convenio, retomáronse cunha toma de contacto en 2022 e outra en 2023 sen intencionalidade por parte da patronal de chegar a ningún tipo de acordo.

En 2025 volveuse a retomar a negociación tras moita insistencia por parte da representación das persoas traballadoras do sector. A pesar da insistencia indicando unicamente mantivéronse 3 reunións nas que non houbo un avance mínimo.

As tres centrais sindicais, UGT, CIG e CCOO consideran que a negociación ten que ir encamiñada á mellora salarial, regular a xornada laboral e en canto aos dereitos sociais, deberían de abordarse medidas que os melloren.

Por iso, ante a postura mostrada pola patronal de viaxeiros en autobús por estrada, UGT, CIG e CCOO convocan unha rolda de prensa #ante os diferentes medios de comunicación para mañá miercoles 5 de Novembro ás 11:00 Horas na sala de prensa do local sindical da CIG na 8ª planta do edificio dos sindicatos (Avenida Alcalde Alfonso Molina, 90), onde se informará das accións que as 3 centrais sindicais levarán a cabo a curto e medio prazo.